Concello de Vedra

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA CINCO DE AGOSTO DE 2008, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
Dª. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
Dª. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretaria accidental Dª. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as trece horas e dez minutos do día cinco de agosto de dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e nove de xullo do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 1.831/08 de don José García Pazos

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda emprazada dentro do ámbito do Plan Especial PE-1, núcleo de Ponte Ulla, segundo o PXOM, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don José Carlos Arrojo Lois cun orzamento de 115.388,06 euros

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza, debendo presentar, previo ó inicio das obras, o oficio de dirección de obra do aparellador.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construirase de acordo co proxecto presentado; axustaranse ás condicións impostas polo Servizo do Patrimonio Cultural da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deportes da Coruña; en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de

seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde. Asimesmo deberase colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratista; ordenanza que se aplica; destino da construción; data da licenza; prazo de execución das obras; número de plantas autorizadas e número de expediente

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil trescentos sete euros con setenta e seis céntimos (#2.307,76#).

3º.- Acordo, se procede, de aprobación inicial de Plan de Sectorización SUND-5

Vista a solicitude número 380/08 presentada por don Celestino Lata Carbia á que se acompaña proxecto, firmado por Juan Carlos Corredoira del Manzano en calidade de Arquitecto, do Plan de Sectorización que afecta a terreos, sitos na parroquia de San Miguel de Sarandón, incluídos no ámbito do SUND-5.MADEIREIRA DE DOZAR, clasificados polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, como Solo Urbanizable Non Delimitado.

Téndose solicitado os informes sectoriais previos á aprobación inicial e á vista do contido do informe emitido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible na decisión de 24 de xullo de 2008, sobre a necesidade de avaliación ambiental estratéxica do mencionado plan de sectorización na que se conclúe a non necesidade de someter a avaliación ambiental estratéxica o Plan de Sectorización SUND-5.MADEIREIRA DE DOZAR, concello de Vedra.

Visto o informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable así coma o emitido para os efectos polos servizos técnicos municipais.

En función do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e as súas modificacións e na Lei 7/1985, do 2 de abril.

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o Plan de Sectorización que afecta ós terreos clasificados polo vixente PXOM como Solo Urbanizable Non Delimitado (SUND-5.MADEIREIRA DE DOZAR).

2º.- Abrir un período de información pública durante o prazo de un mes, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na provincial. Durante o período de exposición ó público o expediente tramitado quedará a disposición de calquera que queira examinalo e presentar alegacións, de ser o caso.

3º.- Suspender o outorgamento de licenzas no ambito do SUND-5 e notificar o trámite de información pública ós titulares dos terreos.

4º.- Solicitar os informes sectoriales que sean procedentes das administracións afectadas.

4º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

4.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e dous de xullo do ano que andamos, pola que se lle autoriza ó Grupo Moteiro Val do Ulla a celebración da XI Concentración Moteira os días 22, 23 e 24 de agosto na parroquia de

Santa Baia de Vedra, quedando baixo a responsabilidade dos organizadores calquera incidencia que se poida producir os días da concentración

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e dous de xullo do ano que andamos, pola que se autoriza o disparo de fogos de artificio o día 26 de xullo en Ponte Ulla con motivo da celebración dunha voda no Pazo de Vista Alegre

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.3.- Dáse conta das Resolucións da Alcaldía de data vinte e catro de xullo, trinta de xullo e un de agosto, pola que se autoriza o disparo de fogos de artificio en San Fins de Sales (1, 2 e 3 de agosto), en San Miguel de Sarandón (9, 10 e11 de agosto) e en San Mamede de Ribadulla (7, 8 e 9 de agosto) respectivamente, con motivo da celebración das festas parroquiais.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de xullo do ano que andamos, pola que se designa a don Javier García Méndez, enxeñeiro de telecomunicacións (colexiado 10.338) como coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra acondicionamento da pista no lugar de campo da festa A Pedreira -Ximonde.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5º.- Outros asuntos

5.1.- Acordo, se procede, sobre aceptación de subvención da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual

Dáse conta da Resolución da Presidencia de data 28/07/2008 pola que se acordou concederlle a este Concello, unha subvención (liña C), ó abeiro da Resolución do 28 de xaneiro de 2008, pola que se convocan subvencións aos concellos para dotación, instalación e certificación de transmisores de televisión dixital terrestre de baixa potencia en rede de frecuencia única, por importe de catorce mil euros (#14.000€#).

A Xunta de Goberno acorda aceptar a citada subvención e demais requisitos establecidos na citada orde

Conclúe ó fio das trece horas e cincuenta e cinco minutos